



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Persoal

Anuncio publicación edicto de citación para o emprazamento ás persoas interesadas no PA 00000222024

EDICTO DE CITACIÓN PARA O EMPRAZAMENTO ÁS PERSOAS INTERESADAS NO P.A. 0000022/2024, QUE SE TRAMITA NO XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO N.º 4 DA CORUÑA.

D. José Manuel Lage Tuñas, concelleiro delegado responsable da Área de Economía e Planificación Urbana do Excmo. Concello da Coruña

FAI SABER:

No Xulgado do Contencioso-Administrativo n.º 4 da Coruña, séguese recurso contencioso-administrativo, procedemento abreviado número 0000022/2024, interposto por Dna Blanca Igualada Sañudo contra a resolución do concelleiro delegado responsable da Área de Economía e Planificación Urbana, por delegación da Xunta de Goberno Local, de data 15 de novembro de 2023, pola que se resolveu o concurso ordinario 1/19 e a adxudicación de postos traballo. En concreto, o recurso diríxese contra a adxudicación do posto n.º 1685 de Xefe/a de Departamento de Servizos Xerais de Urbanismo (Servizo de Rexeneración Urbanística) a Dona Patricia Vázquez García.

Con data 25/03/2024, o devandito Xulgado, remite oficio a este Concello co fin de que se remita o expediente administrativo e que se proceda ao emprazamento de todos os interesados, con base no previsto no arts. 49 e 116 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contenciosa- Administrativa, emprazando aos interesados para que poidan comparecer, nun prazo de cinco días, como demandados diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 4 da Coruña.

O art. 49 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contenciosa- Administrativa, establece que a resolución pola que se acorde remitir o expediente se notificará nos cinco días seguintes á súa adopción, a cantos aparezan como interesados nel, emprazándoos para que poidan comparecer como demandados no prazo de nove días. A notificación practícarase conforme ao disposto na Lei que regule o procedemento administrativo común.

Dando cumprimento á orde do Xulgado do Contencioso-Administrativo n.º 4 da Coruña, emprázase aos eventuais interesados, mediante publicación edictal, por se puidese afectarlles a resolución que no seu momento se dite no Procedemento Abreviado n.º 0000022/2024, tramitado diante do mencionado Xulgado, a consecuencia do recurso contencioso-administrativo interposto por Dna Blanca Igualada Sañudo contra a resolución do concelleiro delegado responsable da Área de Economía e Planificación Urbana, por delegación da Xunta de Goberno Local, de data 15 de novembro de 2023, pola que se resolveu o concurso ordinario 1/19 e a adxudicación de postos traballo.

PRAZO DA COMPARECENCIA:

O prazo para comparecer como demandados ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo n.º 4 no procedemento sinalado será de NOVE DIAS contados dende o seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

LUGAR DA COMPARECENCIA:

Xulgado do Contencioso-Administrativo n.º 4 da Coruña, con sede na R/ Capitán Juan Varela s/n 3º andar (Edificio da antiga sede da Audiencia Provincial), A Coruña.

A Coruña, 12 de abril de 2024.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, PD.

O concelleiro delegado responsable da Área de Economía e Planificación Urbana

José Manuel Lage Tuñas